

MARÉ**DEBATE**

■ Xornadas no Consello da Cultura

Villares: "Somos unha potencia en literatura infanto-xuvenil"

O Consello da Cultura Galega celebrou onte en Compostela a xornada *A crítica e a literatura infantil e xuvenil* na que se afondou sobre un tipo de literatura do que Galicia "é potencia". Así o explicou o presidente do Consello da Cultura Galega, Ramón Villares, na inauguración da xornada, na que resaltou a "imaxinación", a "capacidade expresiva" e o "dominio da lingüaxe" presentes na cultura galega, así como a existencia dunha "potente" industria editorial. A estudosa Blanca-Ana Roig Rechou dixo que esta literatura ten "características das literaturas emerxentes e en proceso de descolonización" que "tratan de recordar e reafirmar o que son". ● E.P.